

IGADI ANNUAL REPORT 2009-2010

As bases dun novo atlas mundial



www.igadi.org

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



En Galicia
temos
opinión
do Mundo



As bases dun novo atlas mundial



Dirección: Xulio Ríos. **Equipo colaborador:** David Alvarado, Xosé Manuel Figueiras, Jared D. Larson, Roberto Mansilla Blanco, Angels Mataró, Roberto Montoya, Masashi Oki, Fernando Pérez-Barreiro Nolla, Alfredo Toro Hardy, Carlos Vales. **Maquetación:** Breogán Xuncal Pereira

Índice

Presentación	4
1. As claves de 2009	
1.1. A recesión	6
1.2. A nova era de cooperación entre EUA e China	6
1.3. Tensa conxuntura en Irán	8
1.4. Tambores de guerra nos Andes	9
1.5. Derradeira oportunidade para o Cambio Climático?.....	10
2. Perspectivas 2010	
2.1. India: un difícil aliñamento.....	12
2.2. Putin-Medvedev: divorcio ou reparto de papeis?.....	13
2.3. Adeus á “era Lula” en Brasil?.....	14
2.4. O Xapón de Hatoyama.....	15
2.5. As relacións transatlánticas e o lugar de Europa no mundo.....	16
3. Reflexións por áreas xeográficas	
3.1. EUA: esperando a Obama, por <i>Jared D. Larson</i>	18
3.2. Latinoamérica ante citas electorais chave, por <i>Roberto Montoya</i>	19
3.3. A Comunidade do Leste Asiático: futuro rival de EUA e a UE, por <i>Masashi Oki</i>	20
3.4. Convulsións africanas, por <i>David Alvarado</i>	21
3.5. A UE do Tratado de Lisboa, por <i>Xosé Manuel Figueiras</i>	22
4. Reflexións transversais	
4.1. A divisa líder e nós, por <i>Alfredo Toro Hardy</i>	25
4.2. 2010: Conta atrás para os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, por <i>Angels Mataró</i>	26
4.3. Proliferación cada vez máis nuclear, por <i>Roberto Mansilla</i>	27
4.4. A democracia, entre a virtude e a hipocrisía, por <i>Fernando Pérez-Barreiro Nolla</i>	28
5.5. A necesidade dunha axenda ambiental global, por <i>Carlos Vales</i>	29
Os Autores	32

O.

Presentación

2009 deu indicios claros da configuración dunha nova contorna internacional. A transición iniciada coa disolución da URSS (1991) non rematou de todo, pero xa podemos atisbar con relativa nitidez e perspectiva a plasmación de certo perfil da nova época marcada pola aparición de novas potencias centrais, o progresivo traslado do centro de gravidade das relacións internacionais e o definitivo fin da posguerra establecida en Ialta e da transición que seguiu á guerra fría. Este novo encaixe das pezas, non obstante, pode dirimirse nun período de tempo relativamente largo.

A crise económica, os problemas financeiros, o cambio climático, a proliferación de armas de destrución masiva, etc., premen a definición de actores e estruturas globais que catalicen os consensos mundiais. O ascenso de China é o dato máis revelador neste sentido, toda vez que o seu papel na formación deses consensos é cada vez máis destacado, incidindo tanto na conformación dos puntos de vista doutras potencias como tamén no contido das resolucións dos organismos multilaterais. China, pois, quizais máis rápido do que podía preverse, pasou a formar parte do centro do sistema internacional, abandonando a periferia na que fora recluída polas potencias occidentais a mediados do século XIX. En calquera caso, conven non perder a perspectiva. Se non fora polo ién, que permanece nunha taxa elevada fronte ao dólar, China sería xa o número dous mundial. Pero o

seu PIB per cápita, inferior a 4.000 dólares, está moi lonxe dos 40.000 de Xapón. Segundo o Informe de Desenvolvemento Humano 2009 do PNUD, China é o país que rexistrou un maior avance, pero sitúase no posto 92 dun total de 182 países e territorios. Pese a todo, en termos de crecemento, exportación ou reserva de divisas, China bate un record tras outro, subindo puntos no escenario internacional.

Por outra banda, o Atlántico cede protagonismo ao Pacífico, o maior cambio dos rexistrados nos últimos catro séculos, un desprazamento que está lonxe de concluír pero que emerxe como dato claro e novedoso poñendo fin ao tempo de dominio exclusivo de Europa e América do Norte. Tamén en 2009, esta evidencia púidose constatar con máis nitidez. O status de Asia-Pacífico, rexión moito menos afectada pola crise ca outras, gaña poder e influencia a marchas forzadas. O xiro rexistrado na orientación da política exterior estadounidense revela ese cambio, ao tempo que salienta un enorme desafío para os intereses europeos. A integración económica en Asia oriental, asumida con maior ímpeto dende a crise financeira de 1997, e a Comunidade do Leste Asiático alentada por Hatoyama abren outros horizontes. O comercio intrarrexional nesta parte do mundo representa o 58% do comercio exterior de cada país, case tres puntos por riba do nivel da Zona de Libre Comercio de América do Norte e inferior en apenas sete puntos á UE. En xaneiro de 2010 entrou en vigor o acordo sobre a zona de libre comercio de China e os dez países da ANSEA. En 2010 e 2012 sumaranse, respectivamente, Xapón e Corea do Sur. Pequín, Tokio e Seúl suman o 85% da economía de Asia oriental.

Sen poder herdar o papel da extinta URSS, a decadencia rusa semella imparable, pese a que seguirá contando en certos dominios polas súas capacidades enerxéticas e militares. Europa figura tamén na lista inicial dos perdedores. Pese á súa forza económica, a incapacidade para traducila en influencia política uniforme pesa cada vez máis na súa operatividade no entorno global. Seguirá contando, pero a súa significación, a salvo de iniciativas verdadeiramente revolucionarias, irá decrecendo. Brasil, India, Sudáfrica, entre outras, emerxen con relativa forza no marco das respectivas rexións, pero é cedo para aventurar hipóteses.

Estamos no inicio dun relevo. Nada está consolidado, se ben a relativa estabilidade do marco internacional actual posibilita o fluído afondamento destas tendencias. Cómpre prestar especial atención á consolidación dun marco plural de estados centrais ou o xurdimiento dunha nova bipolaridade. Os coidados, especialmente en China (tanto no eido interno como no modelo a aplicar nas súas relacións internacionais), extremaranse nos próximos anos, un período en que todos os actores precisan dunha visión global e de longo prazo para estar realmente á altura dese novo equilibrio en que debe culminar o proceso, necesariamente guiado pola consecución dun mundo de máis paz, máis xustiza e progreso.

O director

1.

As claves de 2009

1.1.

A recesión

A recesión económica mundial afrontou situacións contraditorias. Dunha banda, rexistrouse un lixeiro optimismo en determinados sectores de opinión dos países desenvolvidos, derivado de certo nivel de consenso acadado no seo do G-20 e ante a moderada superación da recesión en países como EUA e Alemaña.

Doutra, os países en desenvolvemento, cada vez con maior implicación nos cumios globais e no G-20, premen insistentemente por cambiar o modelo económico neoliberal imperante nas últimas décadas, alentando un maior equilibrio nas relacións económicas entre o Norte e o Sur, dando curso a unha nova arquitectura financeira que substitúa os postulados da Conferencia de Bretton Woods (1944), os seus organismos afiliados (Banco Mundial e FMI) e a preponderancia do dólar estadounidense como moeda de referencia mundial.

Mentres, a actividade xudicial contra os responsables da crise financeira global reduciuse a casos simbólicos, a pantasma do desemprego avanzou con forza, especialmente en Europa, así como a caída dos prezos das materias primas provocando un dramático impacto nos países en desenvolvemento. A creación de fondos de emerxencia para os países subdesenvolvidos reforzou a actividade prestamista dos organismos financeiros multilaterais. A recesión tamén potenciou a auste-

ridade económica.

Ao longo do exercicio foise evidenciando con clareza que da crise saíría un gran gañador: China, futuro referente económico global, en especial habida conta do seu saneamento financeiro que, a grandes trazos, permitiulle converterse nunha especie de “banqueiro” das potencias occidentais, en especial de EUA, pero tamén dos países en desenvolvemento.

Washington afronta unha complexa conxuntura, derivada da agravada condición de ser o principal país debedor a nivel mundial. O aumento dos préstamos financeiros por parte dos principais organismos multilaterais cara países con problemas de liquidez, no marco dun escaso crecemento económico global, aumenta as perspectivas dun *default* financeiro e dun aumento indiscriminado do desfase entre o gasto e a débeda pública con respecto ao PIB. Este escenario é especialmente preocupante ante a perspectiva de falta de control dos denominados “activos tóxicos” ou débedas incobrables, canxeados por Bonos do Tesouro.

De non propiciarse no 2010 un crecemento económico sostible, a caída dos préstamos financeiros xerará unha situación moito máis crítica. A previsión de saída da crise a partir do 2011 verase así seriamente comprometida, o cal incrementará a sensación de incerteza nos mercados globais, nas políticas dos gobernos e na confianza social.

1.2.

A nova era de cooperación entre EUA e China

O ano 2009 foi prolífico nas relacións entre EUA e China. En febreiro, a Secretaria de Estado Hillary Clinton visitou Beijing de-

buxando unha nova atmosfera nas relacións entre ambos países, marcada pola chegada de Barack Obama á Casa Branca. Ao longo do exercicio multiplicáronse os foros bilaterais ao máis alto nivel, co propósito de consensuar puntos de vista respecto da crise financeira e outros temas da axenda global e tamén o intercambio de visitas, especialmente en dominios tradicionalmente lastrados pola desconfianza (defensa).

A instauración do Diálogo Económico e Estratéxico, celebrado por primeira vez en EUA, sinala un novo formato institucional para a relación entre os dous países, aceptada universalmente como a máis determinante do século XXI. Durante a súa xira asiática, o pasado 17 de novembro, o presidente estadounidense chegou a Beijing nunha visita equiparada ao recoñecemento formal de China como un dos países centrais do sistema global.

Máis que contención ou rivalidade, a palabra máis utilizada en todos estes encontros foi a de “cooperación”. Pero a cooperación entre Washington e Beijing transita sobre diversos escenarios, a maioría complexos e controvertidos. Un deles ten que ver cos respectivos modelos políticos e económicos, que determinarán a aceptación occidental das peculiaridades do sistema político e de desenvolvemento chinés, en especial en materia de apertura política, de dereitos humanos ou o papel do Estado na economía.

Neste sentido, o pragmatismo pode, leve e temporalmente, amortecer determinadas friccións: Hillary Clinton chegou a declarar en Beijing que os dereitos humanos “non deben interferir” en asuntos de maior urxencia.

Existen outros escenarios, máis centrados en aspectos de carácter estratéxico, mi-

litar e financeiro que, inevitablemente, deberán acometer Washington e Beijing nesta nova etapa de “cooperación”. As friccións en torno a Taiwán, o equilibrio militar no sudeste asiático e a situación das nacionalidades minoritarias dentro de China (Tíbet e Xinjiang, especialmente) medirán a capacidade real da cooperación sino-estadounidense.

A emerxencia cada vez máis global de Beijing, a súa implicación noutros escenarios como África, América Latina e Oriente Próximo e a súa presenza cada vez máis decisiva á hora de afrontar unha axenda global (proliferación nuclear, cambio climático, globalización financeira e económica) determinarán tamén o seu nivel de fortalecemento como potencia en ascenso, e reforzará a cada vez maior orientación da xeopolítica mundial cara Asia-Pacífico.

A economía e as finanzas son tamén outros aspectos que nos indicarán cara onde se encamiña esta cooperación, ou ben se estamos ante un pulso soterrado e *in crescendo* entre Washington e Beijing. Cun sólido comercio bilateral, China é tamén o principal comprador de Bonos do Tesouro estadounidense, un factor que coloca a economía norteamericana en niveis de dependencia con respecto á chinesa. Nos sucesivos e últimos cumios financeiros mundiais, Beijing, secundada por outros países, ven defendendo a substitución do dólar estadounidense como moeda de referencia financeira en favor dos dereitos especiais de xiro (FMI).

O ano 2009 cabe interpretalo como o momento de maior achegamento entre EUA e China. Pero esta cooperación, reivindicada por ambas partes, deberá afrontar serias probas, entre elas, as tendencias proteccionistas en auge en Occidente. Washington pode ob-

ter de Beijing determinadas concesións de carácter táctico (Afganistán, Corea do Norte, Irán) que, inevitablemente, se diluirán na medida en que pretenda impoñer o seu ritmo na axenda bilateral. A China de 2009 xa se atreveu a cuestionar un liderado estadounidense progresivamente en retroceso.

1.3.

Tensa conxuntura en Irán

Os comicios presidenciais iranianos de xuño de 2009 centraron a atención mundial durante varias semanas por mor da posibilidade dun cambio de goberno en Teherán favorable aos sectores denominados “reformistas”, contrarios á liña dura manifestada polo presidente Mahmud Ahmadíneyad e os sectores máis conservadores.

Anteriormente, en abril de 2009, o presidente estadounidense Barack Obama enviou unha clara e intencionada oferta de apertura de relacións cara Teherán, probablemente coa evidente intención de influír no curso dos acontecementos políticos e electorais no país persa.

Tras varias semanas de crise post-electoral e multitudinarias manifestacións nas rúas, fortemente reprimidas polas milicias *bassijs* e a poderosa Garda Revolucionaria Islámica, Ahmadíneyad foi declarado gañador, inaugurando un novo período de goberno ata o 2013 que, con toda probabilidade, incrementará as tensións entre Teherán e os países occidentais. Estas tensións terán un foco central en Oriente Próximo, ante a pulsada tensión entre Israel e Irán e os anunciados plans de ataque israelís contra as instalacións nucleares iranianas.

Un escenario que planeou sobre Teherán foi a posibilidade dunha especie de “revolución popular”, con posibles nexos exteriores, similar ás acaecidas na ex Iugoslavia (2000), Xeorxia (2003) e Ucraína (2004). Diversos sectores reformistas, impulsados polas novas xeracións de iranianos desexosos de apertura política e social, impulsaron estas iniciativas con claras simpatías dende o exterior, finalmente fracasadas pola represión oficial. Os xiúzos que posteriormente se levaron a cabo en Teherán contra os líderes da revolta incrementaron a percepción exterior sobre os elevados niveis de represión.

O ano 2009 revelou que Irán é un país en transformación, cunha serie de pulsos e equilibrios internos que, tras dúas décadas de revolución islámica e cunha poboación moza de aproximadamente o 70% do seu compoñente social, demanda unha maior apertura a todos os niveis.

Non obstante, estas tensións internas foron inmediatamente aproveitadas por Occidente para incrementar a súa presión cara Ahmadíneyad e a estrutura teocrática de poder, dominada polo gran aiatolá Alí Jamei. Persuadido pola súa oferta de apertura de abril pasado e ante o delicado pulso da negociación nuclear con Teherán, Obama tentou equilibrar posicións, aínda que manifestando serios dilemas na súa relación con Irán.

O cumio da Axencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA) celebrado en outubro permitiu un moderado achegamento de posicións entre Teherán e a ONU con respecto ao programa nuclear iraní. Pero a pesar destes avances, Irán pode estar preparándose para un 2010 repleto de sancións por parte da AIEA, que incluso poderían

contar coa benevolencia de tradicionais aliados de Teherán, como é o caso de Rusia.

Este escenario levou a Irán no 2009 a reforzar outros canais de relación exteriores, especialmente cara países como Venezuela, Brasil e Bolivia, coa pretensión de minorar as presións occidentais. Pero o capítulo nuclear iraniano está lonxe de pecharse, ao igual que a posibilidade de agudización das tensións internas nun país que pode estar ás portas doutra revolución política.

1.4.

Tambores de guerra nos Andes

Unha serie de acontecementos políticos na rexión andina levaron a considerar, en determinados momentos, a posibilidade dunha crise militar e xeopolítica de alto nivel conflitivo entre os seus países membros, especificamente Colombia, Venezuela e Ecuador.

O anuncio por parte de Washington e Bogotá de asentar en territorio colombiano un total de sete bases militares estadounidenses, espertou toda serie de alarmas nunha rexión que, nos últimos anos, experimentou un elevado gasto militar, especialmente en países como Venezuela, Perú, Colombia e Chile, algúns deles con reclamacións limítrofes cos seus veciños.

As frecuentes crises diplomáticas entre Caracas e Bogotá, con Quito na recámara, foron dando creto á posibilidade dunha crise de carácter militar que, en diversas ocasións, obrigou á Unión de Nacións Sudamericanas (UNASUR), a través de dous cumios rexionais e reunións extraordinarias, a explorar mecanismos de solución política e diplomática.

Resulta evidente que Colombia confirmase como o principal aliado de Washington na rexión, sempre á espera de concretarse, finalmente, o seu presidente Álvaro Uribe Vélez poderá legalmente presentarse para un terceiro mandato nos comicios a celebrar en maio de 2010. A concreción deste eixe entre Bogotá e Washington evidencia tamén a ampliación do Plan Colombia (iniciado no 2000) como un plan de actuación cada vez máis andino, un eixe ao que se engadiu recentemente o goberno peruano de Alan García.

Pola súa banda, o presidente venezolano Hugo Chávez ven denunciando reiteradamente as turbulencias que xeraría este pacto militar colombo-estadounidense, especialmente no relativo ao equilibrio de forzas na rexión andina. Chávez tenta fortalecer o eixe da ALBA, con Bolivia e Ecuador como principais aliados, todos eles contrarios á ampliación andina do Plan Colombia non só como concepción de loita contra o narcotráfico senón como unha evidente arma xeopolítica por parte de Washington para manter a rexión andina baixo o seu control político.

A implicación doutros actores externos, como Rusia e Irán, a favor de Venezuela, Bolivia e Ecuador, con importantes acordos militares e enerxéticos, elevou este nivel de alarma para Washington e Bogotá, que contaron coa inédita cooperación israelí, a través de diversas xiras sudamericanas de altos funcionarios de Tel Aviv ao longo de 2009.

Por outra banda, Brasil tenta facer valer a súa posición estratéxica clave, como un actor de carácter político e diplomático capaz de solucionar as situacións de crise rexional, como se observara na súa mediación na crise política boliviana de setembro de 2008 e ante as constantes tensións entre Caracas e Bogotá.

Ás turbulencias entre Colombia e Venezuela deben engadirse os desentendementos diplomáticos entre Perú e Chile, dous países cun considerable caudal de rivalidade e friccións limítrofes, envoltos nun escuro asunto de espionaxe militar.

Un informe do *think tank* estadounidense Council of Foreign Affairs (2004) sobre a rexión andina, anticipou unha serie de escenarios conflitivos ata o 2020, incluso coa posibilidade de afrontar inestabilidades internas nos seus Estados. Pode que o 2009 revelara algún dos sinais anticipados neste informe. En todo caso, a conxuntura actual revela un potencial de conflito militar poucas veces observado con anterioridade, centrado na posibilidade de enfrontamento aberto entre Colombia e Venezuela, escenario que podería involucrar directamente a outros países veciños.

1.5. Derradeira oportunidade para o Cambio Climático?

Revestido dunha forte polémica previa polas diverxencias nas posicións dos países asistentes, a XV Conferencia das Partes da Convención sobre o Cambio Climático, celebrada entre o 7 e 19 de decembro de 2009 en Copenhague, afirmou a urxente necesidade de reconducir o Protocolo de Kyoto (1997), tendo en conta os perniciosos efectos do cambio climático e os alarmantes niveis de emisión de CO₂ a nivel mundial.

Baixo esta perspectiva, o Cumio de Copenhague foi inmediatamente interpretado como unha especie de “derradeira oportunidade” para os líderes mundiais. Pero, a pesar

do raquíto acordo alcanzado, as diverxencias políticas terminaron dominando este cumio, ante a decepción dos grupos ecoloxistas e da sociedade civil que, practicamente, imprimiron unha sensación de fracaso político no cumio.

Así, e ante un panorama marcado por fortes protestas e enfrontamentos nas rúas que deixaron milleiros de detidos e acusacións de represión policial, EUA e China acudiron ao cumio sinalados por ser os países máis contaminantes debido a que emiten un 33% do CO₂ a nivel mundial, con complexas perspectivas para acordar unha posición común que, a grandes trazos, reforzaría as demandas mundiais de redución de CO₂.

Finalmente, EUA, China, India e Brasil lograron dominar politicamente o cumio, alcanzado un polémico e unilateral acordo que non só evidenciou o seu excesivo protagonismo senón que provocou fortes reaccións contrarias por parte dos representantes dos 194 países asistentes, en especial Venezuela, Bolivia, Paquistán e Arabia Saudita, os cales aseguraron que non aceptarían este acordo.

O pacto subscrito en Copenhague deixa no aire unha longa serie de medidas e solucións. O presidente estadounidense Barack Obama acordou un recorte de emisións de CO₂ dun 17%, aínda que o Senado estadounidense deberá decidir sobre o mesmo en marzo de 2010, sempre delicado á vista da polarización existente en EUA neste tema.

Paralelamente, China presentou un plan de eficiencia enerxética que prevé reducir estas emisións entre un 40 e un 45%. Pola súa banda, a UE persuadiu politicamente a Washington e Beijing para alcanzar un acordo, prometendo reducir as súas emisións ata un 30% para o 2020.

Sen incluír datos e índices de redución, o pacto de Copenhague prevé a presentación en febreiro de 2010 da magnitude de redución deses índices de CO₂ acordados. Pero o tempo e a incerteza sobre o seu cumprimento imponse como obstáculos clave a mediano prazo, tomando en conta que o Protocolo de Kyoto rematará a súa vixencia en 2012. Segundo diversas estimacións, necesitaríanse investimentos por valor de US\$ 400.000 millóns ata o 2020, para cumprir cos compromisos de redución de CO₂ adoptados en Kyoto.

Con este panorama, as ONGs e os grupos ecoloxistas amosaron a súa enorme decepción polo Cumio de Copenhague. Entre as diferenzas do mundo rico e o mundo en desenvolvemento por acordar os niveis de redución, o problema seguirá centrándose no modelo de desenvolvemento económico, un tema especialmente sensible nunha conxuntura manifestada pola recesión global. A aposta polas enerxías alternativas, como a solar e a eólica, así como a potenciación dun modelo ecolóxico de desenvolvemento máis eficiente, que finalice coa era do carbono, probablemente ocuparán o centro de atención nos próximos anos.

Aínda así, o impulso clave segue a estar no compromiso político dos países desenvolvidos, con EUA á cabeza, e dos polos económicos emerxentes como China, Brasil e India. O horizonte 2020 previsto para potenciar as “enerxías limpas” está perto.

2.

Perspectivas 2010

2.1.

India: un difícil aliñamento

A finais de novembro de 2009, o primeiro ministro indio Manmohan Singh visitou EUA, fortalecendo as directrices dunha nova era de cooperación estratéxica entre Washington e Nova Delhi.

Tradicionalmente á sombra de China dentro do concepto das “potencias emerxentes”, India comeza a afirmarse como un actor imprescindible no escenario internacional. A cooperación estratéxica e nuclear establecida con Washington desde 2006 permítelle a Nova Delhi ofrecer ese perfil de aliado estratéxico de Occidente, sen obviar os seus intereses xeopolíticos, basicamente comprendidos entre Asia Central e o Sur asiático.

India, frecuente e intencionadamente observada nos medios occidentais como unha especie de contrapeso á emerxencia global de China, conta cunha serie de variables que lle permiten competir con forza no escenario global:

- Sólida estrutura institucional estatal, aínda que con problemas políticos internos;
- Poderío militar e nuclear. Gasto militar do 25% do seu PIB en 2009.
- Potencialidade demográfica: 1.000 millóns de habitantes, tras China o segundo país con maior poboación a nivel mundial;

- Estratéxica localización xeográfica, especificamente cara Asia Central, China, sudeste asiático e Oriente Próximo;
- Unha economía con altas taxas de crecemento e unha clase media en ascenso, aínda que persisten fortes problemas sociais derivados da pobreza, a estratificación social e as desigualdades económicas;
- Forte presenza empresarial multinacional: Mittal-Arcelor (aceiro), Reliance Industries (petróleo e gas natural), Oil & Natural Gas, Indian Oil, State Bank of Indian Group, etc.
- Potenciación do I+D, notable desenvolvemento informático (software) e sólidos índices de competitividade e capacidade innovadora;
- Unha diplomacia con perspectivas cada vez máis globais;
- Decisiva participación nos grandes foros mundiais (G-20, BRIC, IBSA, Organización de Cooperación de Xangai).

Se ben estes factores potencian ese perfil de poder emerxente, India afronta diversos problemas que merecen unha maior atención. Os seus niveis de pobreza extrema (un 40% da súa poboación vive con menos dun euro ao día) seguen a ser elevados, ao igual que a forte división relixiosa (hindús e musulmáns), sectaria e de castas sociais, elementos que, con frecuencia, potencian a violencia sociopolítica e relixiosa, ameazando a súa estabilidade.

Segundo o Índice de Competitividade Global, India igualmente carece de determinados atributos que complican o fortalecemento da relación comercial co exterior: inadecuada infraestrutura, burocracia ineficaz, corrupción e regulamentación laboral restrictiva, entre outros.

Paralelamente, o panorama político rexional sinala unha aguda concentración de factores de inestabilidade e risco para a seguridade nacional india, especificamente no caso das relacións co seu veciño, e tamén potencia nuclear, Paquistán, en particular con respecto ás reclamacións de soberanía sobre o territorio de Caxemira; o delicado panorama en Afganistán e Asia Central; as ameazas do terrorismo nas súas distintas vertentes e organizacións (Al Qaeda, Lashkar e Taiba, etc.); e o equilibrio xeopolítico e militar con China, Rusia e, incluso, Irán.

Reorientándose cara unha asociación estratéxica con EUA, India ambiciona tamén equilibrar as relacións co seu espazo contiguo (China, Paquistán, Irán, Rusia, Sur asiático) mentres fortalece a súa presenza exterior con outras potencias emerxentes, como Brasil e Sudáfrica. O 2010 definirá, en gran medida, as potencialidades e debilidades de India no século XXI.

2.2.

Putin-Medvedev: divorcio ou reparto de papeis?

Da Rusia de Putin á Rusia de Medvedev? Os comicios presidenciais celebrados en marzo de 2008 sinalaron un novo equilibrio de poder en Moscova. O presidente electo foi Dmitri Medvedev, un ex alto cargo na dirección da empresa estatal enerxética Gazprom. O presidente saínte, Vladimir Putin (2000-2008) pasaba a ocupar o cargo de primeiro ministro, unha manobra política que foi interpretada dende diversos medios como unha táctica para constituírse nunha especie de “poder na sombra” dentro do Kremlin.

Así, o tándem Medvedev-Putin pasaba a ocupar o centro da atención do escenario político ruso. Nestes case dous anos de goberno, o presidente Medvedev deu mostras de saber ocupar con eficiencia o seu cargo, aínda que con sobradas razóns para especular coa posibilidade de ser o propio Putin quen manexaba os fíos de poder no Kremlin, tal e como se reflectiu na breve guerra entre Rusia e Xeorxia en agosto de 2008. Non obstante, o actual presidente amosou os seus primeiros síntomas de “independencia”.

As xiras internacionais contribuíron a afianzar o seu perfil presidencial: visitas a América Latina e Asia Central, encontros bilaterais con Barack Obama en Moscova e co presidente chinés Hu Jintao, e unha activa participación nos grandes cumios globais (G-20, BRIC, Organización de Cooperación de Xangai). Así, a figura de Medvedev logrou consolidarse paso a paso, saíndo da sombra de Putin cun discurso máis matizado, tanto no interior como no exterior, mentres sopesa a posibilidade de candidatar-se á reelección en 2012.

A política rusa, a miúdo pouco comprendida en Occidente, desenvólvese no reducido marco dos muros do Kremlin e, en boa medida, de costas a unha cidadanía sufridora das consecuencias das intrigas palacianas. Se Medvedev está logrando afirmar a súa posición política nos planos interno e externo, iso pode obstaculizar as estratexias de Putin a longo prazo e abrir un conflito entre os dous “czares”. Pero tamén cabe imaxinar que as hipotéticas diferencias entre un e outro respondan a un deliberado intento de captar a diversos electorados impedindo a cristalización de movementos alternativos ao partido gobernante Rusia Unida.

Cunha oposición política debilitada e unha masiva presenza do tándem Medveded-Putin nos medios de comunicación e nas estruturas de poder, todo apunta á consolidación dun proxecto político a longo prazo, co probable horizonte de 2024. Putin, sen perder de vista o control do aparello de seguridade, desexa fortalecer o partido Rusia Unida como o movemento político hexemónico a nivel estatal, sendo Medveded un claro xestor desa operación. Medveded carece dunha base de poder propia.

En todo caso, a transición post-soviética iniciada en 1991, trala disolución da ex URSS e os inestables anos de goberno de Boris Ieltsin (1992-2000) afianzaron o ascenso de Putin e dunha nova “*nomenklatura*” no Kremlin, claramente vinculada aos sectores enerxéticos e militares. O 2010 pode ilustrarse o tándem Medveded-Putin segue incólume ou abre fendas de resultado incerto.

2.3.

Adeus á “era Lula” en Brasil?

Lula da Silva deixará a presidencia brasileira tralas eleccións previstas para outubro de 2010. Con el remata unha histórica transición política cara a esquerda en Brasil, marcada polo seu triunfo electoral en 2002 como candidato do Partido dos Traballadores (PT) e a súa reelección en 2006.

Igualmente, apreciase a estabilidade política e institucional, a vocación social e a eficiencia económica da xestión de Lula. O manexo ortodoxo da economía e o alcance social do Plan Fame Cero (que permitiu aliviar as penurias da pobreza a once millóns de familias brasileiras) fortaleceron a súa populari-

dade e o apoio social do PT, non sen controversia nin desencanto entre os sectores máis reivindicativos.

Imposibilitado legalmente para un terceiro mandato e descartando un posible cambio constitucional para propiciar unha nova reelección, Lula decidiu no 2009 potenciar a Dilma Roussef como candidata do PT para os comicios de 2010, unha figura que non semella contar cun consenso amplo dentro das bases do PT e da plataforma de partidos de esquerda que o apoian.

O reto do PT sitúase no ascenso nas enquisas do líder opositor José Serra, do Partido da Social Democracia Brasileira (PSMB), moi por riba de Roussef. A pesar da súa ideoloxía socialdemócrata, Serra representaría os intereses económicos dos grupos empresariais e da dereita brasileira.

Outro escenario ábrese coa renuncia como membro do PT de Marina Silva, defensora ambiental da Amazonía, quen anunciou a súa candidatura electoral polo Partido Verde, incrementando a polarización das candidaturas de esquerda, que fragmentarían as posibilidades electorais do PT. Igualmente na esquerda, cómpre observar a candidatura da histórica líder Heloísa Helena, expulsada do PT en 2003 por criticar a orientación económica de Lula e que, dende entón, lidera unha plataforma de partidos de esquerda dispostos a ocupar o espazo tradicional do PT.

A medida que se aproximen as eleccións de outubro de 2010, moitos analistas incluso especulan coa posibilidade de que Helena termine apoiando a candidatura de Marina Silva. Pode igualmente observarse un traspaso de votos das bases do PT á candidatura máis esquerdista de Silva, en gran medida polo desacordo en diversos sectores coa polí-

tica económica de Lula, un continuísmo que encarnaría a súa candidata Roussef.

Os comicios presidenciais dominarán o escenario político brasileiro e, probablemente, latinoamericano no curso do 2010. A finalización da “era Lula” abre a posibilidade dun posible cambio de temón cara a dereita nun país que emerxe claramente no escenario internacional, materializado nos últimos tempos coas súas eleccións para ser sede do Mundial de Fútbol de 2014 e dos Xogos Olímpicos de 2016, eventos que estarán practicamente baixo a responsabilidade do próximo presidente.

Outro factor importante dos comicios brasileiros é a presenza de tres candidaturas femininas (Roussef, Silva e Helena), o cal sinala un novo paradigma político no país. Igualmente, o peso dos movementos sociais poden influír no curso electoral e nas prioridades políticas brasileiras cara un modelo socioeconómico máis humano, cun maior peso específico do aspecto ambiental e social.

2.4.

O Xapón de Hatoyama

Xapón iniciou unha segunda transición política en setembro de 2009. A vitoria de Yukio Hatoyama, do opositor Partido Democrático de Xapón (PDX), puxo fin a unha era política iniciada en 1955, marcada pola hexemonía do Partido Liberal Democrático (PLD), unha hexemonía que Hatoyama e o PDX liquidaron nas eleccións xerais de 2009.

Hatoyama afronta o seu goberno nunha complicada conxuntura, determinada polos efectos da crise económica e o progresivo

envellecemento da poboación nipona, factores que obrigarán a reorientar un modelo de desenvolvemento económico e social outra referente para o resto do mundo. A perda substancial do peso de Xapón como actor global de importancia, basicamente suplantado pola emerxencia de China, obriga igualmente a Hatoyama a dar curso a unha serie de reformas e perspectivas de carácter interno e externo.

Con estas prioridades, Hatoyama afronta o 2010 con dúas perspectivas importantes, especialmente orientadas cara a política exterior: a posibilidade dunha maior presenza militar xaponesa, actualmente relacionada coa estratexia estadounidense en Afganistán, pero que pode provocar friccións no espazo asiático, en particular con respecto a China. O posible rexurdimento do nacionalismo nipón suporá nivelar unha serie de delicados equilibrios na zona do sudeste asiático.

A segunda variable ten que ver coa orientación da política exterior xaponesa, que pode afectar ao equilibrio con respecto a EUA, o seu aliado tradicional, así como a China, a potencia asiática emerxente. Estes escenarios permitirán interpretar, con maior claridade, as claves da posición exterior xaponesa ante aspectos prioritarios para a seguridade global, como son a pacificación da península coreana e a proliferación nuclear.

O énfase de Washington cara China obrigará a Xapón a fortalecer as súas demandas como actor global, paralelamente cara aspectos non menos relevantes como o cambio climático, alentando a integración rexional como un mecanismo de proxección. Hatoyama tentará nivelar todos estes factores, igualmente circunscritos á necesidade de fortalecer a estabilidade política nipona, frecuentemente

sacudida por constantes cambios de goberno, acusacións de corrupción, un excesivo burocratismo e unha sensación social de crise de confianza cara o seu sistema político.

Así, os retos de Hatoyama e de Xapón consisten en superar a sensación interna de pesimismo sobre a marcha económica do país, sacudida pola deflación, o estancamento no crecemento económico e as dificultades xeradas polo elevado gasto social que supón manter as pensións dunha poboación envellecida e os subsidios sociais. Pero a transición política xaponesa iniciada no 2009 servirá igualmente para revisar, ou ben modificar, diversas claves tradicionais da sociedade e da política dese país.

2.5.

As relacións transatlánticas e o lugar de Europa no mundo

Europa abre 2010 coa presidencia rotativa semestral española e co Tratado de Lisboa como principal guía de integración, trala súa aprobación polos 27 países membros e vixente desde o 1º de decembro de 2009. Ambos aspectos abren un novo período político para a Unión Europea (UE), caracterizado por novos actores dentro dunha mesma estrutura de poder.

Se José Manuel Durão Barroso ou Javier Solana dominaron a escena europea en anos anteriores, os próximos dirixentes da UE son políticos autenticamente descoñecidos para a opinión pública: o belga Herman Van Rompuy ocupará a carteira de novo presidente da UE e a británica Catherine Ashton será a nova responsable de Política Exterior e de Seguridade Común (PESC).

A UE do Tratado de Lisboa deberá abordar un novo escenario nas súas relacións transatlánticas e na definición do seu lugar no mundo. Tras un ano de presidencia da Casa Branca, Obama afirmou o seu compromiso atlantista con Europa coa finalidade de superar os obstáculos e as friccións xeradas pola “era Bush”.

Non obstante, e aínda que afirmando eses compromisos e asegurando unha “asociación estratéxica”, Obama non observa Europa como unha prioridade da súa política exterior, en gran medida determinada pola preponderancia de países como China e Rusia ou de escenarios como Asia Central e Oriente Próximo. Incluso, a variable atlantista de Obama inclúe a Rusia como un actor decisivo nas relacións transatlánticas.

Os actuais compromisos transatlánticos seguen centrados en manter a mesma estratexia trazada por Bush en Afganistán a través da OTAN; así como concretar eidos de achegamento con Moscova e Beijing, reducindo as friccións xeopolíticas e comerciais; e en manifestar unha posición común cara o programa nuclear iraniano.

Por iso, a parálise da política exterior común da UE reflicte unha case absoluta subordinación atlantista cara Washington, tamén explicada polas secuelas da crise económica, os avatares do seu proceso de integración, e a emerxencia de novos polos de poder, que determinan a notoria redución do peso e influencia da UE no resto do mundo.

Dentro do escenario político europeo, os equilibrios de poder non presentarán niveis significativos de cambio. O eixe Berlín-París seguirá mantendo a súa preponderancia dentro das institucións europeas, cun peso cada vez maior de Alemaña, aínda que poderíase

manifestar unha xanela cara outros países como Polonia, cada vez con maior peso dentro da UE. Londres terá en Lady Ashton unha cabeceira de ponte de gran relevancia.

Paralelamente, a ampliación cara o Leste, especialmente Croacia, Bosnia ou Turquía, seguirá moderadamente paralizada ante as prioridades emanadas da superación da recesión e da crise económica e polos imperativos de integración trazados no Tratado de Lisboa.

Do mesmo xeito, Europa rexistrará en 2010 un máis que probable cambio de goberno en Londres, onde os conservadores tories liderados por David Cameron moi probablemente liquiden a “era laborista” iniciada en 1997 co ex primeiro ministro Tony Blair e continuada co cuestionado Gordon Brown. Igualmente, as eleccións parlamentarias europeas de xuño de 2009 certificaron a orientación política conservadora e de dereita, en gran medida atizada pola crise económica e ante a posibilidade de propiciar un discurso máis restritivo cara a inmigración.

3

Reflexións por áreas xeográficas

3.1.

EUA: esperando a Obama,

por *Jared D. Larson*

Hai un ano notábase un aire optimista en vésperas da toma de posesión de Barack Obama. O feito ía pór fin aos oito anos da política de medo e de intimidación do Partido Republicano tal como funcionaba baixo o mando de Bush-Cheney. Pero non hai dúbida de que se os lemas de “esperanza” e “cambio” lanzados na campaña de Obama soaban moi ben ante un electorado cunha economía que se atopaba nunha situación bastante precaria, estase dando conta agora de que para realmente facer fronte aos múltiples problemas que ten EUA, a política de Obama non ofrece a certeza que si tivo a do seu predecesor.

Aparte do aire de cambio que supostamente representa a presidencia de Obama, as realidades de finais de 2009 e principios de 2010 non son moi distintas ás de hai un ano. De xeito tanxible, para o votante da rúa, a economía aínda non mellorou. Actualmente, o paro segue a un nivel dobre do normal (arredor do 10 %). A opinión pública cre pouco útiles as axudas de socorro aos grandes bancos (aprobadas aínda durante o mandato de Bush) e o paquete de estímulo económicos introducido polos asesores de Obama. Cada día que pasa, a proposta reforma sanitaria perde un pouco máis o visto e praxe. En can-

to ás guerras en Afganistán e Iraq, son case xa esquecidas, tanto como fai un ano, pero para manter o apoio do electorado, o discurso de Obama soa inevitablemente demasiado *bushiano*.

Dada esta conxuntura pouco favorable, os desafíos para Obama e, quizais máis importante, para o seu partido, son varios e as posibles consecuencias das súas decisións poden influír moito nas eleccións parlamentarias de 2010. O obvio, e perigosamente o máis ignorado polo electorado, é que o Partido Demócrata con Obama ao mando decidiu desde o primeiro día na Casa Branca facer fronte a demasiados retos pero con ningún apoio do partido opositor. Mentres Obama propón medidas para intentar mellorar a economía, cambiar de estratexia en Afganistán e Iraq, ou reformar un sistema sanitario inxusto e insostible, no Senado, os republicanos impídenlle cada paso a través dunha infinidade de trucos parlamentarios anticuados para logo denunciálo por non conseguir os resultados prometidos.

Resulta difícil, entón, facer un prognóstico preciso sobre o panorama político estadounidense para 2010. Moito dependerá da percepción da economía á hora de votar en novembro. Haberá en xaneiro un proxecto de lei que levará cambios ao sistema sanitario, pero logo dunha longa batalla ao longo de 2009, sobre todo coa ala dura do Partido Republicano, asemella unha leve reforma do sistema asegurador.

As enquisas nos estados chave xa indican que existen máis escanos vulnerables para os demócratas que para os republicanos, aínda once meses antes das eleccións. A incerteza non acolle como a certeza. A opinión pública está ansiosa e ten medo. Os conserva-

dores denuncian a Obama como *sociata*. Os progresistas, ou a banda esquerda do Partido Demócrata, está desilusionado co presidente. Se o cambio non chega, dá igual a razón, a esperanza acábase este ano.

3.2.

Latinoamérica, ante citas electorais chave

por *Roberto Montoya*

Latinoamérica remata unha década marcada polo claro xiro á esquerda da maioría dos seus gobernos, polos seus avances nos procesos de democratización nacionais e polo fortalecemento das súas estruturas rexionais tanto a nivel económico e financeiro como cultural e político. O FMI prognostica un crecemento económico do 2,9% na rexión, fronte á caída do 2,5% experimentada en 2009.

Pero non todo é optimismo para 2010 en América Latina e hai citas electorais en países fundamentais que poderían facer variar o panorama.

Durante 2009, O Salvador sumouse á onda progresista iniciada a comezos da década. Mauricio Funes alcanzou a Presidencia como candidato da Fronte Farabundo Martí para a Liberación Nacional (FMLN), a antiga guerrilla. En Uruguai, José Mujica, ex guerrilleiro dos Tupamaros, chegou tamén á Presidencia, substituíndo a Tabaré Vázquez, da mesma formación, a Fronte Ampla (FA).

En Bolivia, Evo Morales repetiu o seu triunfo electoral, pasando a controlar tamén dous terzos da Cámara de Deputados e do Senado. Outro membro do “Eixo do Mal” latinoamericano, Rafael Correa, foi reelixido presidente de Ecuador en 2009.

Hugo Chávez, á súa vez, gañou o referendo de reforma da Constitución. Venezuela celebrará en 2010 eleccións lexislativas e rexionais, e en 2012 as presidenciais. Unha eventual derrota electoral de Chávez a mans da dereita, podería supor un serio revés non só para a gran maioría dos venezolanos senón tamén para a integración de América Latina.

En Arxentina, tras a perda da maioría de Cristina Fernández de Kirchner no Congreso, témesse a súa derrota fronte á dereita nas eleccións de 2011. Nicaragua ten tamén eleccións en 2010 e Chile a súa segunda volta nas presidenciais a inicios deste ano, partindo como favorito o dereitista Sebastián Piñera. Tamén o dereitista Álvaro Uribe podería gañar as eleccións en Colombia, onde intenta sacar adiante as reformas para presentarse a un terceiro mandato.

E Brasil terá eleccións lexislativas e presidenciais en 2010, decisivas para a maioría dos brasileiros e para toda a rexión, onde actúa como gran motor económico. As ambigüidades de Lula da Silva fronte as apremiantes reformas económicas e sociais, fixéronlle perder boa parte da súa popularidade, o que pon en dificultades á súa candidata, Dilma Rousseff. Contraditoriamente, a nivel rexional e mundial, Lula da Silva logrou pór a Brasil como gran protagonista do escenario económico e político internacional.

O gran revés para a democracia foi sen dúbida o golpe militar en Honduras contra o presidente Manuel Zelaya. Lamentablemente, a nova Administración estadounidense lexitimou aos golpistas ao aceptar o irregular proceso electoral que devolveu o poder á dereita. Esa actitude fixo desmoronar as expectativas dun cambio de actitude de EUA cara ao seu “patio traseiro”. O rumbo de Barack

Obama viuse confirmado tamén pola falta de iniciativas para acabar co bloqueo a Cuba e coa demonización dos gobernos de Venezuela e Bolivia, xunto á escalada armamentística e o despregamento militar estadounidense en Colombia, pretendendo facer deste país unha gran plataforma militar rexional.

3.3.

A Comunidade do Leste Asiático: futuro rival de EUA e a UE

por *Masashi Oki*

Esta proposta, formulada na Asemblea Xeral de Nacións Unidas, axitou as relacións internacionais. Yukio Hatoyama, primeiro ministro de Xapón, propuxo construír a Comunidade do Leste Asiático (CLA) para consolidar a cooperación entre os países asiáticos. Esta proposta xerou moitas reaccións. EUA pasou a desconfiar da política exterior de Xapón e manifestou certa preocupación por manter a súa influencia nas relacións internacionais de Asia. No cumio de China, Xapón e Corea do Sur celebrado o 10 de outubro de 2009 en Beijing, asinouse un comunicado conxunto no que os 3 países asumen a construción da CLA como un obxectivo a longo prazo. De conformarse esta comunidade, será quen de rivalizar con EUA e a UE.

Sen embargo, a definición e a concepción da CLA aínda é ambigua e hai moitos obstáculos para chegar a un acordo porque cada país ou grupo ten unha idea diferente do que debe ser e todos queren tomar a iniciativa. Por exemplo, China e Corea do Sur queren que a CLA sexa a ANSEA+3 (China, Xapón e Corea do Sur) e non queren que inclúa a EUA. De ser así, China poderá dominar no Este de

Asia. É o que non queren EUA nin Xapón, que tiveron unha enorme influencia na zona durante todo o século XX. Xapón prefire que a CLA sexa a ANSEA+6 (China, Xapón, Corea do Sur, India, Australia e Nova Zelandia) para debilitar a influencia de China e procurar certo equilibrio na comunidade. Ademais da idea do ANSEA+3 e ANSEA+6, Rudd, primeiro ministro de Australia, propuxo construír a Comunidade de Asia-Pacífico en 2020, que inclúe a EUA e os países de América Latina. En tódolos casos, a ANSEA será indispensable para a CLA. Pitsuwan, secretario xeral da ANSEA, simpatiza coa proposta de construír a CLA, pero di que a ANSEA debe ser un protagonista do proceso. Por iso, aínda que xa se deron os primeiros pasos para formar esta comunidade no Leste de Asia, o camiño non será doado.

O Leste de Asia tivo na axenda este desafío varias veces na súa historia recente, pero non puido realizarse. O peor é que a chamada “Esfera de Coprosperidade da Gran Asia Oriental”, proposta por Xapón na década de 1940, deixou viva a raíz do mal na rexión, sobre todo, no nordeste de Asia.

Sen embargo, a partires da crise asiática de 1997 está cobrando forza a tendencia cooperativa. O grupo ASEAN+3 asinou a Iniciativa de Chiang Mai en 2000 e instituíuse a cooperación financeira multinacional intrarrexional. E tamén é certo que moitos cidadáns teñen unha identidade asiática. Segundo unha enquisa, moitos cidadáns contestan “son asiático” (92,1% en Myanmar, 83,6% en Vietnam, 71,4% en Corea do Sur, 68% en Tailandia, 62% en Malaisia) á cuestión “*pensa vostede que pertence a un grupo maior que inclúe outros países?*”. Se ben é difícil construír a CLA, este resultado pode soste e dar

azos á proposta. No período actual de profunda recesión, o impulso para a construción da CLA non se debilitará. Máis ben tenderá a ir cara adiante.

3.4.

Convulsións africanas

por *David Alvarado*

Polo que respecta á política na África Subsahariana, sen ánimo de ser exhaustivo, cabe subliñar cando menos catro grandes acontecementos que marcaron o 2009. En primeiro lugar, a desaparición de Omar Bongo e a elección do seu fillo, Ali Bongo, como presidente de Gabón. Este último, máis aló da aura e prestixio internacional do seu finado líder, deberá conducir ao país, alén da renda do petróleo, cara un verdadeiro desenvolvemento en aras dunha sólida paz social e de controlar a unha elite política tentada polo cambio.

Doutra banda, en África do Sur, a vitoria do Congreso Nacional Africano (CNA) nas eleccións xerais conduciu ao poder a Jacob Zuma, histriónico líder que debe demostrar moitas cousas, singularmente o cumprimento de toda a pléiade de promesas que verteu durante a súa campaña electoral, unha empresa que, nestes tempos de crise, non se antolla nada doada.

Non podemos deixar de sinalar o impase político que atravesa Guinea, manténdose a Xunta Militar no poder e con dous episodios dramáticos en 2009, a saber, a represión operada o 28 de setembro e o atentado contra o capitán Mousa Dadis Camara, hospitalizado en Marrocos. Similar situación de expectación se vive en Madagascar, onde asistimos ao enfrontamento entre o presidente Ravaloma-

nana e o alcalde de Antananatovo, Andry Rajoelina, que se erixiu en máximo responsable da Alta Autoridade de Transición. Se ben espérase moito de Rajoelina no país africano, estes vaivéns en Madagascar non teñen redundado en nada novo para a meirande parte da poboación, aínda que unha nova elite política, civil e militar tense instalado no poder, favorecendo unha sorte de ambiente de cambio, unicamente de fachada.

Haberá que estar atentos para ver que nos reserva este novo ano no continente africano, plagado de citas electorais. Comicios en Côte d'Ivoire onde, se ben Laurent Gbagbo conta cunha clara vantaxe, os previsibles contenciosos pos electorais ben puideran despertar pantasma nun país que non remata de atoparse a si mesmo. No Togo, Faure Gnassingbé e Gilchrist Olympio, que representan a sendas estirpes presidenciais, prepáranse para unha batalla sen cuartel, unha loita que xa deu comezo e que xira sobre a modalidade de escrutinio. Unha segunda volta podería dar algunha oportunidade a Olympio, mentres que o actual sistema favorecería, sen dúbida, ao actual presidente do país. Polo que respecta a Guinea Conakry, nada é seguro para este 2010 e todo xira arredor da saúde de Dadis, da transición e da mediación de Blaise.

Magreb e Sahel

En Alxeria, o 9 de abril, nunhas eleccións presidenciais que foron boicoteadas polos principais partidos de oposición, o septuaxenario Abdelaziz Bouteflika era elixido para un terceiro mandato consecutivo co 90,24% dos votos. Tras unha tímida apertura económica, o réxime de Alxer deu marcha atrás nos seus plans de abrir o mercado ao investimento estranxeiro e liberalizar moitas das empresas

aínda en mans dun Estado demasiado dependente dos ingresos dos hidrocarburos. Os pingües beneficios derivados do gas contrastan, sen embargo, coa situación de amplas capas de poboación que non ven mellorar as súas condicións de vida, protagonizando ao longo dos últimos meses numerosos enfrontamentos coas forzas da orde, como ocorreu, por exemplo, o 19 de outubro na comuna de El Madania, en Alxer. Namentres, o terrorismo mantense moi presente na vida cotiá dos alxerinos e só entre xuño e xullo unhas sesenta persoas morrían vítimas da violencia islamita, nomeadamente no leste do país.

Creado en febreiro de 2009, o Partido Autenticidade e Modernidade (PAM) converteuse na indiscutible primeira forza política de Marrocos. Auspiciado polo outrora “home forte” do réxime e amigo íntimo do monarca Mohamed VI, Fouad Ali El Himma, o PAM debilitou tanto aos partidos históricos como aos islamistas. Coa vitoria nas municipais do 12 de xuño (21,7% dos postos en liza) e nas rexionais do 9 de setembro (17,4% de votos), o partido de El Himma fíxose co poder en concellos e entes rexionais, amais de nas cámaras industriais, agrícolas e profesionais. En paralelo, en virtude destes resultados e grazas á adhesión de deputados tránsfugas, o PAM tamén acaprou o poder en ambas cámaras do Parlamento, ata o punto que a estabilidade do actual goberno depende da soa vontade do “partido do amigo do rei”.

En Tunicia, o tamén septuaxenario presidente Zine El Abidine Ben Ali, no poder desde 1987, foi reelixido para un novo mandato co 94% dos votos, en medio de acusacións de fraude da oposición e das denuncias de oenegés internacionais con respecto á falta de garantías, transparencia e honestidade do

plebiscito. Eleccións presidenciais tamén en Mauritania, onde o xeneral golpista Mohamed Ould Abdel Aziz lexitimou, a través das urnas, un 18 de xullo, o derrocamento de presidente democraticamente electo, Sidi Ould Cheikh Abdallahi. Xunto co desenvolvemento dun dos países máis pobres do mundo, a loita contra a ameaza terrorista é a outra asignatura pendente de Abdel Aziz.

O rapto a finais de novembro de tres cooperantes españois, precedido do secuestro dun cidadán francés seguido de dous turistas italianos, puxo de relevo a perigosidade da rexión. O Sahel, terra de ninguén a cabalo entre varios Estados, escenario de todo tipo de tráfico, tense conformado durante os últimos tempos como o novo santuario de Al Qaeda, aproveitando as discrepancias políticas dos países da rexión para coordinar a loita contra o terrorismo e a dificultade para controlar esta vasta área desértica.

Cada vez máis activos os *moujahidines* de Al Qaeda no Sahel, fronte á debilidade de Estados como Mauritania, Malí e Níxer, haberá que ver como evolucionan en 2010 a integración e coordinación magrebís, lastradas polas diferenzas entre Marrocos e Alxeria, e as iniciativas de seguridade europeas e estadounidenses na zona, aparecendo como únicas alternativas plausibles fronte a ameaza terrorista.

3.5.

A UE do Tratado de Lisboa

por Xosé Manuel Figueiras

A Europa moderna naceu, chea de ilusión e idealismo, como un proxecto contra a guerra e como barreira de contención do

mundo capitalista occidental contra a ameaza do comunismo. Gústenos ou non, o que agora importa é o aspecto económico máis que o militar ou político. Europa é un bazar onde podes atopar “oportunidades de negocio”. Canto máis grande o mercado e cantas menores barreiras existan, máis atractivo engadido para os movementos das multinacionais.

Nese sentido, e animados polos *lobbies* a crear un espazo tan amplo como posible, os líderes dos diversos Estados deben facer equilibrios para manter a flote un proxecto de tipo economicista naqueles aspectos e sectores que interesan á economía de cada estado. Sempre nun tira e afrouxa entre o nacionalismo de Estado e as oportunidades que ofrece o europeísmo, en constante tensión entre o peto e o corazón, onde un di que vamos a Europa e outro di que non.

Isto provoca que se desdigan os tribunais constitucionais, existan referendos cíclicos onde conveña e outros esperpentos ata que. Finalmente, se aprrobe a última versión dos pactos europeos: o Tratado de Lisboa, que é un dos moitos tratados que se suman para parchear os problemas loxísticos que vai encontrando ese gran mercado. Non obstante, non todo é negativo neste tratado, nin vai contra a democracia, nin deixa de consolidar un europeísmo esperanzador, por máis que é evidente que se arrastran estruturas e procesos viciados dende o inicio.

Por qué tanta lea neste novo tratado? O que lle doe aos Estados mal denominados “nación” é sacrificar o poder de veto (soberanía) nalgunhas materias. Saber que se pode bloquear a toma de decisións de todo o continente ou chantaxear a cambio de certas premisas é un atractivo irrenunciábel sobre todo para aqueles que para promocionar a súa

imaxe máis nacionalista de Estado, soen ter tendencia a deixarse ver, e que non son precisamente os Estados máis pequenos. Ao mesmo tempo, incrementar a participación do Parlamento Europeo e dos parlamentos dos Estados (á espera do momento dos parlamentos das nacións sen Estado), amais da creación da “iniciativa cidadá”, é un incordio para os gobernos influídos polos intereses propios, das grandes corporacións internacionais, ou doutras potencias. Mesmo se recolle a posibilidade de retirada da UE se é o que os Estados membros desexan. Non se pode dicir que iso non sexa liberdade de elección.

Por outra banda, é preciso adoptar métodos de decisión máis simplificados nunha Unión a 27, que non tivo avances desde o Tratado de Niza, e apúntase unha maior ambición para que a UE se exprese con claridade no ámbito internacional. Tal vez hai demasiados cociñeiros para a mesma pota. Non obstante, que o vicepresidente da Comisión sexa o responsable dos asuntos exteriores, debe incrementar o crédito e a coherencia da acción exterior de UE, que ademais crea un corpo diplomático, o “servizo europeo de Acción exterior”, para asistilo.

O Tratado de Lisboa é un pequeno paso. Non nos leva a unificar posturas cada vez que existe disensión sobre un tema internacional, cousa bastante frecuente, pero axuda a conseguir certa coherencia no tocante á política europea de seguridade e defensa que segue conservando un sistema especial de toma de decisións e a unificar criterios cun grupo reducido de estados.

En definitiva, o Tratado de Lisboa tende cara a unificación dos tres piares da UE: a dimensión comunitaria (cidadanía da Unión, políticas comunitarias, unión económica mo-

netaria, etc), a política exterior e de seguridade común (PESC), e a cooperación policial e xudicial en materia penal. É unha aposta máis aló do económico

Aínda que personificando roles en distintos personaxes con maior ou menor grao de credibilidade e imaxe internacional, o que se pretende é dar pasos adiante xa que como se pode ver seguen existindo resistencias e vetos a liñas de traballo, a persoas en determinados cargos, a medidas respecto a determinados países, e vai sendo hora de sentar as bases para loitar pola independencia de acción dende o punto de vista comunitario. Tal vez sexan as ansias idealistas de buscar un ente superior que governe con xustiza por riba de gobernos parciais e individualistas as que nos moven a este tipo de apreciacións. Pero vai sendo hora de ir acoutando e poñendo fin ao descrédito europeo, aínda criticando os déficits democráticos.

4.

Reflexións transversais

4.1.

A divisa líder e nós

por *Alfredo Toro Hardy*

Baixo a cobertura da moderna tecnoloxía das comunicacións e da información, e baixo o ambiente de desregulación prevalecente, as bolsas de valores do mundo mobilizan diariamente cantidades dificilmente comprensibles para a mente humana. Fano a través de instrumentos bolsistas cada vez máis arriscados que non buscan outra cousa que a riqueza rápida.

Iso ten a súa orixe na consolidación de vastos reservorios de investimentos, que han de ser manexados baixo enormes presións competitivas. Tal competitividade impón límites de tempo demasiado curtos como para permitir a maduración dos investimentos produtivos. Isto combínase de xeito simbiótico coa visión de curto prazo das empresas que, sometidas á ditadura dos informes financeiros trimestrais, perseguen a rendibilidade inmediata a expensas das súas fortalezas estruturais. O resultado diso non é outro que o abandono dos investimentos produtivos, mediante fórmulas que posibilitan a creación de diñeiro sen a consecuente creación de valor.

A situación anterior levou a un conxunto sucesivo de crises financeiras intensas nestes últimos lustros. Desde 2008 vivimos a máis grave delas: a peor desde a Gran Depresión. A actual é unha crise que leva o signo distintivo dos Estados Unidos, país desde o cal

proxectouse aos catro puntos cardinales do planeta. Iso transcende a irracionalidade das hipotecas subprime, así como as vulnerabilidades evidenciadas por moitas das súas principais institucións financeiras, identificándose cunha economía sustentada no déficit. En efecto, Estados Unidos veu financiando desde hai moitos anos a súa propia economía e o seu oco fiscal por vía dos aforros do resto do mundo, abusando así do privilexio de señorío que deriva de posuír a divisa líder.

A situación antes descrita permitiulle manter fortes déficit en conta corrente fronte ao resto do mundo. Como é natural, iso traducíuse en grandes influxos de capital foráneo sobre a súa economía, determinando baixas taxas de interese e exceso de liquidez. A manifesta subvaloración do risco e a laxitude da regulación financeira e das políticas monetarias foron o resultado inevitable da perda do sentido de valor do diñeiro. Alí atópase a razón de fondo da crise que hoxe vive o mundo. O golpe sufrido servirá seguramente de lección en termos de maior seriedade nas políticas monetarias e na regulación financeira.

Con todo, no esencial o groso do problema non foi resolto. Na medida en que Estados Unidos siga utilizando o dólar como unha malla de pesca de arrastre para financiar a súa propia economía, incorrendo por esa vía nun forte incremento da súa débeda externa, a economía mundial permanecerá en grave perigo. Respecto diso David Levey e Stuart Brown sinalaban o seguinte: *“Unha súbita falta de disposición por parte dos investidores estranxeiros de continuar engadindo activos en dólares, á súa xa longa conta de activos nesa denominación, desencadearía un pánico que lanzaría pola estratosfera as taxas de interese e faría caer nunha grave crise á eco-*

nomía estadounidense, arrastrando consigo ao resto do mundo (“The Overstretch Myth”, *Foreign Affairs*, marzo/abril 2005).

Poñamos a frase anterior en perspectiva, a fin de entender a magnitude do risco involucrado. Na edición de *Foreign Affairs* de novembro/décembro 2009, o Director do Peterson Institute for International Economics, Fred Bergsten, sinalaba que para 2030 a débeda externa neta de Estados Unidos pasará dos 3,5 billóns (millóns de millóns) de dólares, en que se sitúa actualmente, a 50 billóns. Iso equivalerá ao 140% do PIB dese país e a máis do 700% das súas exportacións. Como resultado diso, Estados Unidos deberá transferir todos os anos 2,5 billóns de dólares ao exterior, aos fins de servir a súa débeda externa.

Baixo circunstancias como as anteriores a economía mundial asenta nun barril de pólvora, e a súa explosión tornaríase insignificante, por comparación, a crise actual.

4.2.

2010: conta atrás para os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio

por *Angels Mataró*

A adopción da Declaración do Milenio no ano 2000, supuxo un compromiso histórico e único por parte dos 189 Estados membros que formaban parte nese entón das Nacións Unidas: traballar xuntos para erradicar a pobreza extrema para o ano 2015. Desafortunadamente, a vontade política establecéronse os 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), que hoxe tamén son o compromiso dos 192 Estados das Nacións Unidas.

Entramos agora, irremediabilmente, na conta atrás para a consecución dos ODMs e as expectativas de cumprimento son desalentadoras. Se no ano 2005 albiscábanse trazos de poder realizar grandes avances antes do 2015, os últimos acontecementos mundiais como a crise económica global, minguaron os progresos logrados en rexións fundamentais de países en desenvolvemento como en América Latina e incrementaron os niveis de pobreza en África, e Asia entre outros, comprometendo os resultados positivos alcanzados en moitos obxectivos.

Así pois, se durante o período 1990 e 2005 o número de persoas que vivían con menos de 1,25 dólares ao día diminuíu de 1.800 millóns a 1.400 millóns, no 2009, novamente houbo un aumento de entre 55 a 90 millóns de persoas que se atopan vivindo en condicións de extrema pobreza. E, doutra banda, a prevalencia da fame nos países en desenvolvemento, sitúa a 1.020 millóns de persoas subnutridas no mundo, a maior cifra rexistrada desde 1970.

Estes datos, entre outros, son mostra evidente de que conseguir os ODMs vese ameazado por un crecemento económico lento ou negativo, unha diminución de recursos, menos oportunidades comerciais para os países en desenvolvemento, os impactos devastadores do Cambio Climático e un elemento engadido desde a visión dos países que conforma a Unión Europea: máis do 70% dos cidadáns da UE descoñecen e, polo tanto, non se atopan sensibilizados co tema dos ODMs.

Ante iso, non é só necesario que os gobernos cumpran co compromiso adquirido no ano 2000, ou que haxa unha reestruturación na economía global que permita dar un respiro ás maltreitas economías dos países menos favorecidos.

É tamén necesario que durante os próximos 5 anos fágase un verdadeiro chamamento á sociedade civil para que se comprometa a axuntar esforzos en conseguir polo menos unha consecución parcial dos ODMs para o ano 2015.

Concientes disto, Nacións Unidas programa para 2010 unha sesión de alto nivel sobre os avances dos ODMs, con miras a establecer medidas coordinadas entre todos os interesados e recadar os fondos necesarios para garantir o logro de todos os obxectivos no 2015. E, por parte da Unión Europea, o próximo ano, Turín, Berlín, París e Barcelona, serán cidades coa misión fundamental de facer unha gran campaña mundial para recordar a importancia dos ODMs.

Os Obxectivos do Desenvolvemento do Milenio reafirmaron o carácter universal e intemporal dos principios da Carta de Nacións Unidas.

Consideraron como valores fundamentais para o novo milenio a igualdade, a liberdade, a solidariedade e a tolerancia, principios baseados na dignidade humana. Recordemos que hai 61 anos un grupo de expertos redactaron un documento universal baseado tamén na dignidade humana, a Declaración Universal de Dereitos Humanos. Cos Obxectivos do Milenio poñemos ao día uns dereitos adquiridos e aínda non gozados por millóns de persoas.

4.3.

Proliferación cada vez máis nuclear

por Roberto Mansilla Blanco

Aumentan os focos de proliferación nuclear: Irán, Corea do Norte, India, Paquistán, Israel, Sudáfrica, Xapón, Brasil... Este pro-

blema e os seus complicados labirintos xeopolíticos comezan a impoñer o seu ritmo nas axendas da política exterior global, sin que poida desvincularse da necesidade de redimensionar o paralizado Tratado de Non Proliferación Nuclear (TNP) subscrito en 1968, así como o proceso de reformas da ONU, en especial do seu Consello de Seguridade.

O pulso suscitado pola Axencia Internacional da Enerxía Atómica (AIEA), organismo dependente da ONU, con respecto a países como Irán e Corea do Norte, normalmente opaca a atención cara outras variables dentro da proliferación nuclear. O achegamento de EUA a India implica consecuencias con respecto a países con arsenal nuclear, como Paquistán e China.

Igualmente, o apoio de Washington a Israel, país aínda oficialmente non recoñecido como potencia nuclear, supón un escenario delicado en Oriente Próximo, en especial con respecto a Irán. Compre así considerar cómo o fortalecemento dos intereses de Washington cara potencias nucleares como India e Israel, en gran medida, propician o proceso de proliferación nuclear noutros países.

En paralelo a este proceso, afróntanse outros retos fóra da periferia euroasiática. Brasil acadou no 2009 acordos de cooperación militar e nuclear con Francia, así como achegamentos xeopolíticos importantes cara Rusia, China e Irán, que reclaman un maior peso de Brasilia dentro do selecto club de potencias nucleares.

Outros países, como Sudáfrica, Venezuela e Arxentina, ansían concretar programas de enerxía nuclear oficialmente denominados como “pacíficos”, que obrigarán ás potencias nucleares membros do Consello de Seguridade da ONU (EUA, Rusia, China,

Francia e Gran Bretaña), a concretar novas vías de atención e negociación, especialmente ante a posibilidade dunha ampliación deste Consello de Seguridade.

A curto e mediano prazo, a atención global estará circunscrita aos avatares dos programas nucleares iraniano e norcoreano, identificados dende Occidente e os seus aliados como “ameazas á seguridade global”. Teherán avanza a pasos acelerados na consecución dun programa nuclear que corresponde lexítimamente cos seus intereses de seguridade nacional. No caso de Corea do Norte, cun programa nuclear máis concreto, as negociacións supoñen unha implicación maior para EUA, China e Rusia, en aras de garantir un delicado equilibrio nuclear no sudeste asiático.

Pero o mapa actual é unha mostra da vixencia e potencialidade dos intereses xeopolíticos das potencias con arsenal atómico, argumentos que, na maioría dos casos, dinamizan o incremento da proliferación nuclear.

4.4.

A democracia, entre a virtude e a hipocrisía

por *Fernando Pérez-Barreiro Nolla*

Non foi 2009 bon ano para a democracia. Un ano é prazo curto de máis para apreciar progreso ou retroceso nun asunto tan delicado. Non se deu inventado aínda un medidor da democracia. É moita a imprecisión conceptual desa idea. Apreséntase decote como cuestión de institucións, e así aparecen constitucións e réximes políticos democráticos e non democráticos. Pódense facer listaxes de países e, cando aparece un país que se define

como democrático, dicir que hai máis democracia. A división de poderes, por exemplo, pode ser favorable para a democracia, pero non a produce automaticamente.

A democracia é cousa social, sutil e que leva tempo. Por iso é tan desagradable a perversión de pensar que se pode improvisar, exportar ou impor polas armas. Convértese así en banderola xustificadora de todo xénero de desastinos. Nos tempos da Guerra Fría todo o que non era comunista era democracia.

Talvez sexa útil lembrar a fórmula que nos ofrece Tucídides na famosa oración fúnebre que lle atribúe a Pericles. Resumíndoa, resulta que na democracia progresan os cidadáns polos seus méritos, poden vivir tranquilos facendo o que lles pete, sin temer esculcas mentres non infrinxan a lei que eles propios contribuíron a establecer, e, finalmente, son iguais diante da xustiza nas súas interquencencias privadas.

Esas desiderata clásicas non son un sistema institucional. Vese logo que o máis axeitado sería pensar na democracia como un valor, e, aínda máis, como unha virtude da sociedade. A virtude non é esencial para vivir, e moitas veces é sacrificada a imperativos existenciais máis urxentes.

Neste último ano da primeira década dun novo decenio non se albiscan moitos sinais desa virtude no mundo.

Das institucións de alcance mundial, a principal delas, a Organización das Nacións Unidas, asenta, é certo, nunha igualdade de votos na Asemblea, pero sofre da necesidade do veto no Consello de Seguridade. A igualdade entre nacións con diferentes grados de democracia non é garantía de democracia, e o veto semella que seguirá xustificado por imperativo das hexemonías, ás que non lles

faltan motivos para mantelo. A reforma da ONU sítense como necesaria, pero non ofrece perspectivas de aumento da democracia. Seguramente non é ese o ámbito ideal para alcanzala e, en todo caso, fica lonxe do sentimento vital de democracia, que ten cabimento no eido de sociedades máis reducidas.

A Unión Europea anuncia como progreso democrático unha estrutura, a do Tratado de Lisboa, que concentra poder. Rara vez a concentración de poder favorece as virtudes da democracia. A distancia do centro difumina a responsabilidade dos gobernantes e dispensaos da necesidade de ter en conta a opinión local.

Nas dúas grandes potencias deste século vese con clareza que a democracia ten que se subordinar a outras consideracións: a seguridade militar nos EUA e a necesidade de manter o único aparello viable de control que garanta as esixencias mínimas de orde e subsistencia na China. No segundo escalón, o das potencias emerxentes, vense imperativos análogos para retrasar ou deixar para máis tarde a democracia. Rusia sofre unha mixtura de condicionamentos que reflicte a dos EUA e a China. Na India e no Brasil, con todas as diferencias evidentes, a necesidade de avanzar cara unha posición internacional coherente co seu desenvolvemento económico, fai que a democracia non teña moita prioridade.

Cabe pensar que na medición da democracia, neste ano ou en calquera outro, convén determinar que é o que fai que, ao tempo que se louba esa virtude, haxa sempre motivos para adiar o seu establecemento. Até agora nunca faltan tais motivos ou excusas. A virtude está aí para se esforzar por acadala e non deixarse enganar pola hipocrísia.

4.5.

A necesidade dunha axenda ambiental global

por *Carlos Vales*

O resultado da reunión de Copenhague sobre cambio climático de finais do ano 2009, frustrante tanto nos seus resultados como no escenario que prefigura, sinala os malos tempos que corren para a capacidade dos Estados e da comunidade internacional para facer fronte aos desafíos ambientais aos que o modelo socioeconómico hexemónico nos aboca irremediamente, desafíos que producen vertixe pola súa envergadura e potenciais consecuencias, que poden tomar a forma de catástrofes humanitarias, de guerras polos recursos, ou de posibles colapsos sociais e “Estados falidos”.

Resulta irónico que na Cimeira da Terra de Río de Xaneiro, no ano 1992, os movementos sociais e grupos ecoloxistas reunidos nunha xuntanza paralela á oficial -a dos xefes de Estado, presidentes de goberno e representantes estatais convocados pola ONU-, concluíran que os acordos oficiais adoptados non se correspondían coa gravidade dos problemas ambientais que, xa nesa altura, era evidente que afectaban ao planeta. Ollados coa perspectiva do tempo, coa perspectiva desta primeira década do século XXI, os obxectivos asumidos en Río de Xaneiro serían unha bendición de terse cumprido o alí acordado. De feito, na preparación da Cimeira Río+10, que tería lugar no 2002 en Johannesburgo, e un ano antes da súa celebración, Kofi Annan, entón Secretario Xeral das Nacións Unidas, recoñecía que os avances producidos foran máis magros do esperado e concluía que, nalgúns aspectos, nin avances tiña habido, senón retrocesos.

A Cimeira de Río de Xaneiro deu fe da existencia de consenso mundial a respecto de cales eran os principais problemas ambientais a nivel planetario. Aprobou a Convención sobre Cambio Climático (xa daquela o problema era evidente), así como a Convención sobre Diversidade Biolóxica (nun momento no que a problemática de destrución das selvas tropicais e da extinción masiva de especies presentaban un consenso científico que clamaba ante a seriedade da situación).

Do mesmo modo púxose en evidencia a gravidade do problema da desertificación, e se formulou unha Declaración sobre os Bosques, declaración que, no fondo, non facía máis que evidenciar a incapacidade de chegar a acordos vinculantes de cómo xestionar un patrimonio forestal planetario que estaba sendo destruído a un ritmo vertixinoso. Tamén se definiu a Axenda 21 como o protocolo referencial da sostibilidade, redactada arredor dese concepto tan confuso, perverso e propicio á manipulación conceptual –o tempo encargárase de demostralo-, que é o chamado *desenvolvemento sostible*.

Dez anos despois, en Johanesburgo, tamén se identificaron acertadamente problemas ambientais graves aos que a comunidade internacional tiña que facer fronte: o esgotamento dos recursos mariños, a gravidade da contaminación química, a escaseza e despilfarro da auga potable, a inviabilidade a longo prazo do modelo enerxético, entre outros. Pero o acerto na identificación dos problemas, polo demais evidentes para a comunidade científica e para os sectores sociais e políticos mellor informados, non supuxo ningunha garantía de actuacións concertadas por parte da comunidade internacional.

Nestes anos transcorridos, os convenios aprobados en Río de Xaneiro camiñaron pola súa procelosa senda. En particular, o protocolo de Kyoto supuxo un intento, certamente tímido e incompleto, de avanzar nunha axenda ambiental mundial. Supuxo o recoñecemento de que as mudanzas climáticas en curso non son “un problema do medio ambiente”, senón un problema económico e social de primeira orde, porque hai xa tempo que é evidente que os problemas ambientais non son problemas da natureza, senón problemas humanos, porque poñen en risco o progreso socioeconómico e o benestar.

En concreto, a importancia da consideración do cambio climático como gran ameaza ambiental global seguramente estriba en que permite percibir a través dun único concepto o que é ao mesmo tempo problema e síntoma, facilitando unha mobilización social que demanda medidas concretas. O certo é que a mudanza climática en curso é reflexo e manifestación dunha crise ambiental moito máis ampla, dunha auténtica mudanza ambiental global na que o vixente modelo de produción e consumo, unido a un incremento exponencial da poboación humana, provoca procesos contaminantes globais, ao tempo que produce como resultado a transformación radical da cobertura viva da superficie terrestre, poñendo en risco a capacidade da biosfera para sustentar sociedades humanas complexas.

Claramente, a destrución da biodiversidade, particularmente dos bosques, pero tamén doutros ecosistemas como os húmidais, os sistemas subáridos, os hábitats litorais e de mar aberto, e a degradación da súa capacidade de subministrar bens e servizos gratuítos; a transformación, en definitiva, da superficie

da terra, unida ao consumo cada vez máis intensivo dos recursos non renovables, suxire un futuro preocupante. Non é de estrañar, por tanto, que aparezan estudos e informes que alertan sobre a potencial e moi real ameaza. Desde as análises feitas entre outros por Robert Constanza (*Integrated History and Future of People On Earth*, 2005), ou Jared Diamond (*Colapso*, 2005), ate a revisión, 30 anos despois, do ensaio sobre “*Os Límites do Crecemento*” do Club de Roma de 1972, todos constrúen escenarios moi pouco optimistas.

Neste contexto, a necesidade de acordos vinculantes que permitan facer fronte con responsabilidade compartida aos máis graves problemas ambientais, semella ser unha necesidade inaprazable da comunidade internacional. Acordos que deberían permitir tanto acometer a redución dos gases de efecto invernadoiro, como asumir os custes e a responsabilidade da conservación das últimas áreas salvaxes e frear a degradación xeralizada dos ecosistemas, que conleva a perda dos seus servizos ambientais, tais como produción de alimentos, aportación de auga limpa, mantemento da fertilidade dos solos, regulación climática, defensa contra catástrofes naturais ou preservación das bases materiais das identidades étnicas e culturais das comunidades humanas.

Nesa liña, e sob proposta do Convenio sobre Diversidade Biolóxica, proposta asumida tamén dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio de Nacións Unidas, o ano 2010 foi declarado Ano Mundial da Biodiversidade, co obxectivo de reducir drásticamente a destrución da mesma. Novamente un desafío identificado institucionalmente en Río’92, no que se xoga o benestar futuro da nosa especie.

Infelizmente, non podemos ser minimamente optimistas: o que Copenhague ben demostrar é que, fronte á evidencia da necesidade urxente dunha axenda ambiental mundial, seguen a dominar o egoísmo dos Estados, as limitacións dos liderados, a curtidade de miras, e o imperio do mercantilismo depredador.

Os Autores



Alvarado, David

Xornalista galego radicado en Rabat. Licenciado en Ciencia Política pola USC e investigador asociado do IGADI.



Figueiras, Xosé Manuel

Licenciado en Ciencias Políticas, MBA pola Solvay Business School de Bruxelas, e master en Estudos Europeos na Universidade Católica de Lovaina. Actualmente é o director internacional da consultora viguesa Método Consultores SL.



Larson, Jared D.

Investigador asociado do IGADI e doutorando en Ciencia Política e Relacións Internacionais na University of Delaware. Investigador Visitante, Centro de Estudos Geográficos da Universidade de Lisboa.



Mansilla, Roberto

Analista do IGADI e responsable do CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea).



Mataró, Ángels

Directora da Asociación para as Nacións Unidas en España (ANUE).



Montoya, Roberto

Xornalista especializado na información internacional, autor, entre outros de *“El Imperio Global”* (2003) ou *“La Impunidad Imperial”* (2005), é colaborador do IGADI.



Oki, Masashi

Licenciado en Ciencia Política pola Chuo University. Colaborador do IGADI.



Pérez-Barreiro Nolla, Fernando

Membro do Consello Reitor do IGADI, faleceu en Lancaster (Inglaterra) o 4 de xaneiro de 2010.



Ríos, Xulio

Director do IGADI.



Toro Hardy, Alfredo

Actual embaixador venezolano en Singapur e anteriormente en España, Reino Unido, Estados Unidos, Brasil, Chile, Irlanda e Bahamas. Autor de 16 libros sobre relacións internacionais.



Vales, Carlos

Licenciado en Bioloxía pola USC e Catedrático de Ciencias Naturais. Na actualidade dirixe o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. É autor de diversos libros e publicacións.

IGADI ANNUAL REPORT 2009-2010

As bases
dun
novo
atlas
mundial

www.igadi.org

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



En Galicia
temos
opinión
do Mundo

